

**CONTRATO DE OBRAS
POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO****Expediente núm.: 196/2018****Resolución de Alcaldía de número e data establecidos á marxe****Procedemento:** Contrato de Obras por Procedemento Aberto Simplificado**Asunto: AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS ZONAS DE: O MATO, BOUZAS DE GARABÁS, AS QUINTÁS, CANEDO, SAN PAIO, O BOLO, CARREIRA DE LOUREDO, GARABÁS****Documento asinado por:** O Alcalde, o Secretario**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Á vista dos seguintes antecedentes:

O estado actual do alumeadado público exterior obxecto do presente expediente fai que sexa preciso realizar de forma urxente labores de mantemento para permitir a duración das infraestruturas e servizos públicos, deterioradas tanto polo uso como polas condicións climáticas.

Por este motivo, foi solicitada a redacción dun proxecto para a contratación e posterior realización da obra de **AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS ZONAS DE: O MATO, BOUZAS DE GARABÁS, AS QUINTÁS, CANEDO, SAN PAIO, O BOLO, CARREIRA DE LOUREDO, GARABÁS.**

Para a execución da citada actuación esta Alcaldía decidiu proceder a licitación, por non ter o concello de Maside nin medios persoais nin materiais para a súa execución.

As obras descritas no citado proxecto están incluídas dentro do Programa Operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER) de crecemento sosteñible 2014-2020, cofinanciado polo FEDER e fondos propios do Concello.

O FEDER, mediante Resolución de 25 de marzo de 2019, outorgou ao Concello de Maside unha subvención polo importe de 102.773,04€.

Expediente	Procedemento aberto simplificado.
196/2018	AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS ZONAS DE: O MATO, BOUZAS DE GARABÁS, AS QUINTÁS, CANEDO, SAN PAIO, O BOLO, CARREIRA DE LOUREDO, GARABÁS

**CONTRATO DE OBRAS
POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO**

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

Tipo de contrato: CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO	
Obxecto do contrato: AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS ZONAS DE. O MATO, BOUZAS DE GARABÁS, AS QUINTÁS, CANEDO, SAN PAIO, O BOLO, CARREIRA DE LOUREDO, GARABÁS.	
Procedemento de contratación: aberto simplificado	Tipo de Tramitación: ordinaria
Código CPV:4536000-5	
Valor estimado do contrato:124.288,57€	
Orzamento base de licitación IVE excluído:102.717,83€	IVE%:21%
Orzamento base de licitación IVE incluído:124.288,57€	
Duración da execución: 4 MESES	

Á vista das características e do importe do contrato propónse a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

RESOLVO

PRIMEIRO. Iniciar o expediente para a contratación descrita nos antecedentes mediante procedemento aberto simplificado.

SEGUNDO. Xustificar a celebración do contrato polos seguintes motivos:

É cambiar as luminarias existentes por outras novas de tecnoloxía LED para reducir o consumo de enerxía eléctrica, emisión de gases de efecto invernadoiro e regular os niveis de iluminación segundo os diferentes horarios nocturnos e tipos de vías axustándose ás necesidades dos cidadáns.

Queda acreditado que a contratación de **“AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS ZONAS DE: O MATO, BOUZAS DE GARABÁS, AS QUINTÁS, CANEDO, SAN PAIO, O BOLO, CARREIRA DE LOUREDO, GARABÁS”** mediante un contrato de obra é a forma máis idónea e eficiente de levar a cabo os fins do Concello.



**CONTRATO DE OBRAS
POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO**

TERCEIRO. Ordenar a redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deben rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO. Que se emita Informe-Proposta de Secretaría respecto diso.

QUINTO. Dar conta de todo o actuado a esta Alcaldía para resolver o que proceda.

O Alcalde,

José Manuel Iglesias Araujo

O Secretario,

José Antonio Abeledo Magariños.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE